

As canles e espazos alternativos para o consumo responsable de alimentos como contextos para a promoción da eco-cidadanía e a cultura da sustentabilidade.

Kylyan Marc Bisquert i Pérez. Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental SEPA-interea. Universidade de Santiago de Compostela.
kylyanmarc.bisquerti@usc.es

Palabras clave: Consumo Responsable de Alimentos, Eco-cidadanía, Cultura da Sustentabilidade, Boas Prácticas, Educación do Consumo

No marco dunha investigación realizada para a Deputación da Coruña¹, neste traballo preséntanse os fundamentos teóricos e algúns resultados parciais dun estudo de casos múltiple en desenvolvemento sobre as prácticas e ferramentas socioeducativas empregadas polas iniciativas alternativas de consumo responsable presentes na provincia da Coruña, analizadas dende un enfoque exploratorio, descritivo e analítico, co obxectivo de valorar, en función dos marcos pedagóxicos vinculados á *eco-cidadanía* (Sauvé, 2014) e á *cultura da sustentabilidade* (Herrero, Cembranos e Pascual, 2011), as boas prácticas de educación do consumo que nelas se practican.

Introdución

A alimentación, en tanto que fenómeno complexo e multidimensional, está a xogar un papel decisivo no presente escenario de crise socioambiental. Por unha banda, a configuración actual da dieta -marcada pola hexemonía do modelo occidental, rico en alimentos procesados e de procedencia animal- e do sistema agroalimentario industrial globalizado están a provocar múltiples e profundos impactos de carácter ambiental, social e sanitario. Neste sentido, Springmann *et al.* (2018) sinalan que “o sistema alimentario mundial é un importante motor do cambio climático, do cambio no uso da terra, da perda de biodiversidade, do esgotamento dos recursos de auga doce e da contaminación dos ecosistemas acuáticos e terrestres mediante as escorras de nitróxeno e fósforo procedente da aplicación de fertilizantes e esterco” (p. 562), de tal xeito que “contribuíu a atravesar varios dos «límites planetarios» [...] que intentan definir un espazo operativo seguro para a humanidade nun sistema terrestre estable” (p. 562). Pola súa parte, Swinburn *et al.* (2019) alertan da *sindemia*² global que representa a tríade conformada polo incremento exponencial da obesidade, a persistente desnutrición e a cada vez máis perentoria emerxencia climática, constituíndo as diferentes formas de malnutrición a principal causa de mala saúde a escala global, que á súa vez se ven agravadas polo cambio climático debido aos seus “efectos radicais sobre a saúde dos humanos e dos sistemas naturais dos que dependemos” (p. 1). Así mesmo, os propios impactos das dinámicas do sistema agroalimentario sobre os ecosistemas e sobre o conxunto do planeta están a poñer en risco a seguridade alimentaria de crecentes sectores da poboación mundial (Elver, 2015), e as previsións da comunidade científica

¹ Esta investigación foi financiada pola Deputación da Coruña no marco da *Convocatoria de bolsas de investigación para o ano 2019* do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes (R.P. 2019/8027).

² O termo *sindemia*, neoloxismo resultante da fusión dos termos *sinerxía* e *pandemia*, refírese á concorrencia de dúas ou máis pandemias que “se producen no tempo e no lugar, interactúan entre si a niveis biolóxicos, psicolóxicos ou sociais, e comparten impulsores sociais subxacentes comúns” (Swinburn *et al.*, 2019, p. 4). Neste caso, emprégase en referencia aos estreitos vínculos existentes entre a obesidade, a desnutrición e o cambio climático, e da ligazón común coa lóxica do sistema agroalimentario hexemónico na actualidade, así como polos seus efectos sobre a saúde humana.

para as próximas décadas tenden ao agravamento desta retroalimentación viciosa (IPCC, 2019).

Ante esta situación, a dieta, como construción cultural definida polo conxunto de hábitos e patróns de consumo que configura o xeito no que satisfacemos as nosas necesidades alimentarias, preséntase como un obxecto educativo de especial relevancia, posto que a promoción de determinados cambios sobre o consumo alimentario alberga un significativo potencial de redución da pegada ecolóxica, así como sobre a saúde das persoas e as implicacións sociais do sistema agroalimentario en termos de equidade e xustiza social (Johnston, Fanzo e Cogill, 2014; Jones *et al.*, 2016; Willet *et al.*, 2019). Sen embargo, estudos recentes revelan que Galicia é a segunda comunidade autónoma coa maior pegada de carbono asociada á dieta do Estado español, así como tamén presenta un importante desequilibrio nutricional con respecto ás recomendacións alimentarias de referencia (Esteve-Llorens, Moreira e Feijóo, 2019; Esteve-Lloréns *et al.*, 2020). En todo caso, a adopción de dietas baseadas en criterios de sustentabilidade e a práctica dun consumo responsable de alimentos pode funcionar como acicate para o desenvolvemento e consolidación de sistemas agroalimentarios acordes que as abastezan (Meybeck e Gitz, 2017).

Neste sentido, a transición cara un sistema agroalimentario sustentable é un reto para o que Galicia presenta unha excelente disposición de partida, grazas á súa estrutura territorial e da propiedade agraria, así como á destacada persistencia da agricultura urbana, periurbana e familiar (Carreira e Carral, 2014). Ademais, diferentes estudos previos (Simón, Copena e Rodríguez, 2010; Ríos, 2014; Lema-Blanco, García-Mira e Muñoz-Cantero, 2015) e guías³ constatan a existencia neste territorio de iniciativas pioneiras na disposición de espazos e canles alternativas para o consumo responsable de alimentos. Como sinalan precisamente Lema-Blanco *et al.* (2015) e constatamos en Bisquert e Meira (2020), estes constitúen contextos de innovación sociocomunitaria nos que a cidadanía devén en axente de transformación social, ao xerar novos marcos socioculturais de referencia, achegar novas ferramentas socioeducativas e ensaiar formas de gobernanza e dinámicas de axencia, autoeficacia e desenvolvemento de competencias eco-cidadás. En definitiva, trátase de espazos onde, no ámbito da cotiandade, se constrúe e promove a cultura da sustentabilidade no eido alimentario, aínda que non exclusivamente, pois tamén se abarcan outros ámbitos de consumo.

Para Sauvé (2014), fomentar a eco-cidadanía supón poñer en práctica a dimensión crítica e política da Educación Ambiental para contribuír a desenvolver competencias e alentar ás persoas a ser axentes activos, promovendo aprendizaxes colectivas e na acción, así como a mobilización de saberes, partindo dun compromiso común, construindo pensamento crítico e asumindo posturas éticas na práctica da Educación Ambiental. Pola súa banda, Herrero *et al.* (2011) apuntan que, entre as liñas de acción vinculadas á promoción da cultura da sustentabilidade, cómpre incluír o recoñecemento e experimentación de alternativas, xa existentes ou innovadoras, que apunten cara a configuración dun modelo de consumo acorde aos principios asociados a este marco alternativo ao paradigma do crecemento ilimitado. Nesta liña, Prats, Herrero e Torrego (2016) sinalan que “existe suficiente aprendizaxe acumulada a través dun abano de experiencias de movementos sociais que aluman outros paradigmas máis acordes ao contexto das transicións” (p. 213) a emprender, salientando neste sentido as que nomean “«iniciativas comunitarias de sustentabilidade»” (p. 213), incluíndo aquí aos grupos de

³ Ver https://amigosdaterra.net/info/160415_adt/2019/03/25/amigos-da-terra-presenta-un-directorio-de-alimentacion-ecoloxica/ [Revisado o 16 de xuño de 2021].

consumo agroecolóxico, mais que tamén é extensible a outros espazos e canles alternativas de consumo responsable de alimentos. Así mesmo, o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) nº12 alenta a promover modalidades de produción e consumo responsable, empranzando para tal efecto na súa primeira meta a “aplicar o *Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Producción Sostibles*” (ONU, 2015, p. 25). Un dos sete programas sectoriais que compoñen dito marco trata precisamente sobre *Estilos de vida sostibles e Educación*⁴, e ten entre os seus obxectivos “empoderar ás persoas para que adopten estilos de vida sustentables a través da educación, a sensibilización e a participación” (IGES, 2017).

Nesta liña, resulta especialmente pertinente tomar como referencia o modelo de *educación do consumo de orientación eco-cidadá* de Agúndez-Rodríguez (2017), baseado na disposición de contextos de aprendizaxe onde as persoas poden examinar os seus valores, percepcións e actitudes sobre o consumo para asumir responsabilidades sobre os seus propios actos e o seu papel na sociedade, evitando dogmatismos e receitas, suscitando análises complexas e a reflexión crítico-creativa, favorecendo a toma autónoma de decisións e poñendo o foco nas solucións de carácter cidadá -isto é, colectivas-, a implicación na transformación social e a construción de alternativas.

Baixo esta perspectiva, neste traballo procúrase a identificación de boas prácticas e ferramentas socioeducativas desenvolvidas polas iniciativas alternativas de consumo responsable presentes na provincia da Coruña. Como recollen Rebollo *et al.* (2012), as boas prácticas constitúen “unha perspectiva teórica e práctica aplicada a diversos ámbitos das políticas sociais e educativas” (p. 133), podéndose destacar destas o seu carácter endógeno -isto é, que xurde das propias protagonistas que as practican-, transformador -que procura provocar cambios sostibles no tempo no contexto socio-comunitario inmediato-, situado -aínda que tamén replicable-, dialóxico -suscitando o debate e o intercambio de puntos de vista- e creador de novos significados. Neste caso concreto, considérase particularmente na valoración das boas prácticas e das ferramentas socioeducativas presentadas polas iniciativas analizadas a súa afinidade coas propostas pedagóxicas asociadas aos amentados paradigmas da cultura da sustentabilidade e da eco-cidadanía, así como á devandita proposta metodolóxica de educación do consumo.

Obxectivos

O fin último desta investigación é identificar boas prácticas e ferramentas para a promoción do consumo responsable nas iniciativas estudadas, seleccionando aquelas susceptibles de ser integradas na elaboración dunha guía didáctica de educación do consumo orientado á promoción da eco-cidadanía e da cultura da sustentabilidade adaptada ao contexto específico da provincia da Coruña e orientada ao seu uso en distintos ámbitos socioeducativos. En prol desta finalidade, neste estudo fixéronse os seguintes obxectivos a acadar:

- Identificar, clasificar e caracterizar espazos e canles alternativas de consumo responsable presentes na provincia da Coruña.
- Identificar boas prácticas e ferramentas socioeducativas desenvolvidas en ditos espazos e canles para a promoción do consumo responsable.

⁴ Ver <https://www.oneplanetnetwork.org/sustainable-lifestyles-and-education> [Revisado o 16 de xuño de 2021].

- Valorar o potencial socioeducativo de ditas prácticas e ferramentas para a promoción da eco-cidadanía e a cultura da sustentabilidade.

No entanto, esta comunicación limítase á presentación sucinta dalgunhas das actividades socioeducativas que desenvolven os casos analizados, ofrecendo unha mostra xeral do tipo de prácticas que estas realizan para promover o consumo responsable de alimentos.

Metodoloxía

Neste traballo de investigación adóptase o método do estudo de casos múltiple (Ponce, 2018), abordado dende un enfoque exploratorio, descritivo e analítico, mediante o cal se analizan conxunta e comparativamente os casos estudados coa finalidade instrumental de coñecer o panorama actual do conxunto de canles e espazos alternativos de consumo responsable existentes na provincia da Coruña, por unha banda, e de identificar as prácticas socioeducativas que estes desenvolven, pola outra. Para tal efecto, pártese dunha mostra de base derivada da realización da tese de doutoramento do autor deste traballo sobre a dimensión socioeducativa das iniciativas colectivas que compoñen o movemento social agroecolóxico en Galicia, mediante a selección dos 20 casos identificados na provincia da Coruña. A partir desta mostra inicial, extráense aquí resultados parciais do presente estudo, que serán proximamente complementados coa ampliación da mostra a aproximadamente 50 casos mediante a incorporación doutros formatos de espazos e canles alternativas de consumo responsable⁵ a través da flexibilización dos criterios de selección (Ver Táboa 1) que permite o acoutamento a un ámbito territorial de estudo máis reducido, como é o provincial.

Táboa 1. Comparación dos criterios de selección empregados.

Criterios de selección empregados na mostra de base (n=20)	Criterios de selección flexibilizados para a ampliación da mostra (n≈50)
Función principal de carácter agroalimentario: produción, distribución, comercialización e/ou consumo	Función principal de carácter agroalimentario: produción, distribución, comercialización e/ou consumo
Carácter colectivo	Vocación transformadora: malia poden ser iniciativas de carácter eminentemente económico, deben amosar un compromiso explícito coa promoción do consumo responsable e da sustentabilidade social e ambiental en xeral.
Identidade agroecolóxica: auto-recoñecemento explícito da súa orientación agroecolóxica e vocación transformadora	Orientación ao consumo responsable de alimentos, en base a criterios ambientais, socioeconómicos e/ou culturais.
Autoxestión: autonomía con respecto a entidades públicas e privadas	Carácter alternativo con respecto ás canles de comercialización convencionais, tanto das grandes superficies como do comercio local non especializado.

Elaboración propia.

A recollida de datos foi realizada a través da aplicación dunha única entrevista a persoas informantes pertencentes respectivamente a cada iniciativa, mediante a aplicación dun

⁵ Como poden ser: tendas especializadas en alimentación ecolóxica ou de comercio xusto -descartando herboristerías e comercios *gourmet* ou non especializados-; proxectos produtivos que practican a venda directa; iniciativas de colaboración entre produtoras/es ou de carácter público para a transformación de alimentos producidos localmente en ecolóxico ou mediante manexos sustentables; modelos de consumo social, en particular ecocomedores escolares; un plan alimentario local; e un mercado de produtores locais de xestión municipal.

guión de entrevista semi-estruturada validado a través do método do xuízo de expertos (Bisquert e Meira, 2019). Nestas entrevistas, realizadas entre abril de 2019 e abril de 2020, recolleuse información sobre as características xerais das iniciativas, aspectos ligados á xestión, participación, articulación e cooperación con outras entidades, e á súa dimensión socioeducativa. Para a súa análise recorreuse tanto a técnicas cuantitativas de análise descritivo como cualitativas centradas na análise de contido.

Resultados

A mostra inicial analizada (n=20) está composta por iniciativas colectivas ligadas ao movemento social agroecolóxico, entre as que se inclúen catro asociacións e cooperativas de produtoras/es (AeCP), catro mercados autoxestionados por produtoras/es, dúas cooperativas de comercialización (CdCom), unha rede de produción e consumo, dúas cooperativas de consumo (CdC) e sete grupos de consumo (GdC) (Ver Táboa 2).

Táboa 2. Relación de casos analizados.

	Nome da iniciativa	Tipo	Concello	Comarca
1	Colectivo Xebre	AeCP	Coristanco	Bergantiños
2	Lentura ⁶	AeCP	Ames	Santiago
3	Teceloiras	AeCP	Aranga	Betanzos
4	Xestas	AeCP	Porto do Son	Noia
5	Entre Lusco e Fusco	Mercado	Santiago de Compostela	Santiago
6	Feiras Ecolóxicas do Barbanza	Mercado	Ribeira	Barbanza
7	Labrega Natura ⁷	Mercado	A Coruña	A Coruña
8	Mercado de Alimento Labrego	Mercado	Teo	Santiago
9	O Careón	Rede	Melide, Palas de Rei, Vilasantar, Santiso e Arzúa	Terra de Melide e limítrofes
10	Cousas da Terra	CdCom	Santiago de Compostela	Santiago
11	Mercado da Terra	CdCom	Ferrol	Ferrol
12	Panxea ⁸	CdC	Santiago de Compostela	Santiago
13	Zocamiñoa	CdC	A Coruña	A Coruña
14	A Morangueira	GdC	Porto do Son	Noia
15	Fonte da Uz	GdC	Narón, Neda, Ferrol, San Sadurniño e Ares	Ferrol
16	GdC de Orro	GdC	Culleredo	A Coruña
17	GdC de Vedra	GdC	Vedra e Santiago de Compostela	Santiago
18	Millo Miúdo	GdC	Oleiros	A Coruña
19	Proxecto Integral Compostela	GdC	Santiago de Compostela	Santiago
20	Xirimolo do Casino	GdC	Carballo	Bergantiños

Elaboración propia.

A trazos xerais, as AeCP son colectivos de produtoras/es, constituídos baixo as figuras xurídicas de cooperativa ou asociación, que se agrupan para comercializar ou incluso

⁶ Segundo informacións recentes, a asociación de produtoras/es Lentura escindiuse en dúas novas asociacións: DoNoso, que mantén unha liña similar á desenvolvida por Lentura como agrupación de produtoras locais (<https://donosoagriculturasostible.wordpress.com>), e Daquí Darredor, máis centrada na disposición de espazos e ferramentas colaborativas de transformación agroalimentaria (<http://daquidarredor.blogspot.com>) [Revisados o 16 de xuño de 2021].

⁷ Segundo informou posteriormente a persoa entrevistada no caso desta iniciativa, o mercado que desenvolvía semanalmente viuse interrompido polas medidas sanitarias ante a COVID-19 e xa non retomou a súa actividade.


⁸ Tras a realización do traballo de campo, Panxea anunciou o cese da súa actividade, dando fin a 25 anos de andaina desta iniciativa decana na promoción do consumo responsable e do comercio xusto en Galicia. Ver <https://www.facebook.com/Panxea/posts/3108891302505006> [Revisado o 16 de xuño de 2021].

producir conxuntamente. No caso específico dos mercados, as/os produtoras/es asócianse para organizar de xeito autoxestionado encontros de consumo responsable cun carácter periódico, practicando a venda directa coa disposición de postos no espazo público en formato de feira ou mercado. A única rede identificada consiste na organización de produtoras/es e consumidoras/es para auto-abastecerse de alimentos a escala comarcal. As CdCom son cooperativas de traballo asociado que comercializan alimentos ecolóxicos nunha tenda aberta ao público como forma de emprendemento colectivo. Pola súa banda, as CdC son o tipo de iniciativa colectiva de consumo responsable cunha maior raizame no contexto galego, así como as que aglutinan un maior número de membros, cumprindo así mesmo unha importante función na dinamización doutras iniciativas, tanto a nivel local como a escala provincial e autonómica. Se ben tamén adoitan contar cunha tenda ou local de venda, nalgúns casos se restrinxe unicamente ás persoas socias, ou canto menos estas gozan de prezos reducidos. Por último, os GdC representan o tipo de iniciativa máis frecuente. Baséanse na unión de consumidoras/es para “realizar unha compra colectiva de produtos a través do consumo responsable e agroecolóxico a prezos accesibles” (Calafat *et al.*, 2019, p. 58), formalizándose como asociación ou mantendo unha estrutura informal. Coincidindo con Couceiro *et al.* (2016), existe unha ampla diversidade de modelos de GdC, en función de variables como o grao de implicación das participantes e de compromiso cos proxectos produtivos que os abastecen, a amplitude da variedade de produtos e provedores ou o tamaño do colectivo. Nos casos analizados apréciase dita pluralidade, incluíndo dende GdC máis informais que organizan pedidos conxuntos puntuais, ata modelos que combinan a provisión regular de produtos frescos e de proximidade por parte de pequenas/os produtoras/es locais con pedidos puntuais ou periódicos a outros provedores.

En canto á dimensión social das iniciativas analizadas, o número de membros comprende dende as arredor de 100 persoas que conforman a CdC *Zocamiñoa* ou as 60 socias/os de *Panxea*, ata as tres que configuran respectivamente as CdCom *Cousas da Terra* e *Mercado da Terra* ou a AeCP *Xestas*. En posicións intermedias, a rede *O Careón* conta con 29 membros e *Lentura* representaba a AeCP de maior dimensión con 13 socias/os. Os GdC oscilan entre as 10 unidades de consumo⁹ de *Fonte da Uz* e as 18 do *GdC de Vedra*, mentres que os mercados entre os 10 membros que desenvolven as *Feiras Ecolóxicas do Barbanza* e os 13 do mercado agroecolóxico *Entre Lusco e Fusco* ou de *Labrega Natura*. No que respecta á distribución territorial (Ver Figura 1), os casos analizados concéntranse fundamentalmente nos extremos sur e norte do territorio provincial, particularmente nas comarcas de Santiago e A Coruña, seguidas pola península da Barbanza e as comarcas de Ferrol e Bergantiños. Como excepción, *O Careón* sitúa o epicentro da súa actividade en Melide, se ben o seu radio de acción comprende outros municipios, tanto na mesma comarca como nalgúns das limítrofes. Cómpre sinalar que se ben a localización de *Teceleiras* se sitúa en Aranga -interior da comarca de Betanzos-, esta iniciativa desenvolve grande parte da súa actividade na comarca da Coruña.

⁹ Polas súas características particulares, os GdC computan o seu número de membros mediante unidades de consumo ou familias, se ben o número de persoas que participan de xeito efectivo na xestión da iniciativa adoita corresponderse en grande medida.

Figura 1. Distribución territorial dos casos analizados.



Elaboración propia sobre o mapa *Concellos da provincia da Coruña* (Fonte: Emilio Gómez Fernández, [CC BY-SA 3.0](#), vía Wikimedia Commons). A numeración e coloración das iniciativas situadas no mapa correspóndense coas da Táboa 2.

As iniciativas máis lonxevas son as CdC *Panxea*, fundada en 1995 como asociación -se ben non se constituíu como cooperativa ata 2010-, e *Zocamiñoca*, que comezou a súa actividade en 2007 e se constituíu como cooperativa en 2009. Tras a crise económica de 2008 comezaron a aparecer outras modalidades de iniciativas agroecolóxicas de produción, comercialización e/ou consumo responsable, como *Cousas da Terra* en 2009, *Entre Lusco e Fusco*, *Lentura* e *Xestas* en 2010, *A Morangueira* en 2011, o *Mercado de Alimento Labrego de Teo* e o *Proxecto Integral Compostela* en 2012, ou *Millo Miúdo* e *Sachos á Rúa*¹⁰ en 2013. As de creación máis recente son o *GdC de Orro*, o *Xirimolo do Casino* e o *Mercado da Terra*, iniciadas en 2019. A nivel organizativo, nestas iniciativas destaca o carácter assembleario e a toma de decisións por consenso, así como as relacións de cooperación que establecen entre elas, con outras entidades sociais e, en menor medida, con centros educativos -destacando as universidades e as escolas de primaria-. As súas relacións de colaboración coas administracións públicas é moito máis reducida, circunscibíndose principalmente, en todo caso, ao ámbito municipal.

No que respecta concretamente á dimensión socioeducativa dos casos estudados, a excepción dun GdC orientado exclusivamente ás dinámicas internas, as iniciativas analizadas declararon desenvolver, en maior ou menor medida, actividades socioeducativas de distinta índole, sendo as máis recorrentes o ofrecemento de charlas, a organización de eventos, a difusión de información por redes sociais, a realización de cursos prácticos, a edición de materiais impresos e a práctica de actividades de sensibilización. A nivel temático, predomina o tratamento das implicacións socioambientais do actual modelo de consumo dominante e a divulgación de alternativas de consumo responsable e consciente como faceta do exercicio de compromiso cidadán.

¹⁰ Asociación agroecolóxica que impulsa as *Feiras Ecolóxicas do Barbanza*.

En canto ás actividades descritas polas iniciativas analizadas, entre as desenvolvidas polas AeCP, pódese destacar: a recepción de visitas de escolares nas fincas; o acollemento de alumnado en prácticas dos ciclos de formación profesional da rama agraria; a colaboración con comedores escolares na provisión de produtos e a realización de catas; o desenvolvemento de actividades de agroecoloxía escolar arredor dun proxecto de horta eco-didáctica; o ofrecemento de charlas sobre agricultura ecolóxica ou plantas medicinais; a realización de obradoiros de cociña, envasado, micoloxía, poda e enxertos, elaborados cosméticos ou fertilización do solo; ou a conxugación da divulgación arredor da produción e o consumo responsable de alimentos co desenvolvemento de actividades e eventos lúdico-culturais. No caso dos mercados, pódese salientar: a realización de mostras e degustacións de produtos; o desenvolvemento de obradoiros de elaborados, mobilidade sustentable, permacultura, tratamento de solos e plantas; o ofrecemento de actividades para crianzas en torno á elaboración de galletas, os xogos populares ou o sementado e plantado en maceta; o ofrecemento de charlas en escolas e asociacións veciñais; a realización de actividades lúdicas no espazo de mercado -actuacións musicais, monicreques, contacontos-; a celebración de feiras especiais e festas de aniversario, de tempada, mercados solidarios e mercados deslocalizados por parroquias; ou a colaboración con centros educativos e asociacións para a disposición de hortas escolares ou adaptadas para persoas con diversidade funcional.

No que respecta á única rede analizada, destaca a celebración dunhas xornadas micolóxicas, que incluíron clases maxistrais, saídas de campo para a identificación e recolección de cogomelos e o seu cociñado. En canto ás CdCOM, pódese destacar: un proxecto de formación para mocidade sobre consumo responsable e economía social desenvolvido en escolas e centros socioculturais mediante un convenio coa Administración Local, a través de xogos, o emprego de recursos audiovisuais e o estímulo do debate; o deseño e uso didáctico de xogos de mesa sobre estas temáticas; a celebración de eventos temáticos -sobre comercio xusto, téxtil responsable, exposición de arte local- e de mesas redondas con diferentes proxectos e colectivos; o ofrecemento de charlas sobre consumo responsable, alimentación e saúde, decrecemento e responsabilidade ambiental; ou o diálogo cotiá cos/coas consumidores/as sobre estes temas, propiciando conversas grupais para compartir puntos de vista.

No caso das CdC, resulta salientable a colaboración en proxectos coas distintas administracións públicas e universidades para a promoción do consumo responsable, a economía social, a contratación pública responsable ou o comercio xusto; o acollemento de alumnado universitario en prácticas ou para desenvolver actividades de voluntariado; a colaboración en materias de formación profesional e titulacións universitarias de grao e posgrao; a proxección de documentais temáticos e a edición de publicacións divulgativas; o ofrecemento de obradoiros e charlas sobre comercio xusto, soberanía alimentaria ou consumo responsable para centros educativos, asociacións veciñais e outras entidades; a realización de xornadas de convivencia e colaboración na colleita entre consumidores/as e produtores/as; a organización de feiras de economía social para visibilizar proxectos alternativos; ou a realización de actividades lúdico-culturais para persoas socias e afíns ás iniciativas. Por último, entre os GdC destaca: o ofrecemento de charlas sobre alimentación, benestar e saúde, alternativas de consumo enerxético, moeda social, consumo responsable de alimentos, soberanía alimentaria, ecoloxía, apoio ás pequenas produtoras locais ou de presentación pública das propias iniciativas e do seu funcionamento; a realización de cursos de agricultura -ecolóxica, biodinámica, etc.-, identificación e cociñado de plantas silvestres, cogomelos ou algas, de elaboración de

cremas e xabóns, cestería ou elaboración de pan; a participación en mesas redondas de colectivos vinculados ao consumo responsable; a proxección de documentais con posterior debate; o desenvolvemento dun proxecto de horta pedagóxica nun instituto de secundaria; a realización de visitas e xornadas de colaboración nas fincas das/dos produtoras/es que provén aos GdC; ou a celebración de xantares populares, actividades lúdicas, mercados solidarios, xornadas de convivencia e celebracións abertas a persoas interesadas no funcionamento das iniciativas.

Conclusiones

A grandes trazos, á agarda de completar a mostra definitiva desta investigación para realizar unha análise máis detallada, pódese observar unha ampla diversidade de propostas socioeducativas despregadas polas iniciativas estudadas, tanto no seu formato como a nivel temático. Porén, aínda que se identifican prácticas afíns ás perspectivas tomadas como referencia neste traballo, apréciase tamén certa tendencia a adoptar modelos expositivos como charlas ou mesas redondas, se ben é certo que estas desempeñan unha importante función na proxección social das iniciativas existentes e da súa experiencia. En todo caso, valórase positivamente o fomento do debate, o uso pedagóxico da horta e a inclusión de actividades lecer e convivencia como ferramentas de construción comunitaria en torno ao consumo responsable de alimentos, así como as relacións de colaboración que se establecen entre as iniciativas analizadas e outras entidades sociais e centros educativos á hora de desenvolver actividades e proxectos socioeducativos. Neste mesmo sentido, resultan especialmente salientables as prácticas de cooperación que se establecen entre diferentes perfís -consumidoras/es e produtoras/es- na realización das visitas ás fincas dos proxectos produtivos, así como o abano de actividades de carácter práctico orientadas á promoción da autosuficiencia no aproveitamento sustentable e saudable dos recursos alimentarios que ofrece o territorio.

Con todo, pode resultar especialmente significativa a comparación desta primeira mostra, cun perfil de iniciativas máis activista, coas que se incorporen coa amentada ampliación, ao incluír, por unha banda, casos cunha orientación máis económica ou de emprendemento, dos que se pode esperar unha dimensión socioeducativa menos definida, e pola outra, espazos de iniciativa e xestión pública ou cunha vocación claramente pedagóxica, como os eco-comedores escolares, aos que a priori cabe atribuír un repertorio socioeducativo máis sólido. En todo caso, estas hipóteses poderán ser contrastada unha vez analizada a mostra completa de casos de estudo, a partir da cal se espera extraer un inventario amplo e diverso de boas prácticas e ferramentas socioeducativas para a promoción do consumo responsable de alimentos.

Referencias

- Agúndez-Rodríguez, A. (2017). *Éducation relative à la consommation. Une dimension de l'écocitoyenneté*. En L. Sauv , I. Orellana, C. Villemange e B. Bader (Dir.), *Éducation, environnement, Écocitoyenneté : repères contemporanis* (pp. 193-210). Quebec, Canadá: Presses de l'Université du Québec.
- Bisquert, K.M. e Meira, P. (2019). Validação de instrumento de recolhimento de dados para uma aproximação desde a educação ambiental ao movimento social agroecológico na Galiza e sua dimensão socioeducativa. *Ambiente & Educação*, 24(2), 236-266. <https://doi.org/10.14295/ambeduc.v24i2.9731>

- Bisquert, K.M. e Meira, P. (2020). Iniciativas colectivas de consumo ecológico en Galicia: panorama actual, modelos e acción socioeducativa. *Brazilian Journal of Agroecology and Sustainability*, 2(2). <https://doi.org/10.52719/bjas.v2i2.3709>
- CALAFAT, A., CIFRE, H. e LLOBERA, F. (2019). *Situación de los sistemas alimentarios agroecológicos en España y su contribución al cambio climático - Estudio-Diagnóstico*. Catarroja: Sociedad Española de Agricultura Ecológica / Agroecología (SEAE).
- Carreira, X.C. e Carral, E. (2014). *O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: o caso galego*. Santiago de Compostela: Através.
- Couceiro, A., Martínez, Y., Alonso, J., Santafé, E., Saralegui, P. e Ortega, E. (2016). *Grupos de consumo. Una cultura agroalimentaria sostenible*. Madrid: Libros en Acción.
- Elver, H. (2015). El derecho a la alimentación. Informe presentado no 70º período de sesións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas [A/70/287]. Nova York, Estados Unidos: ONU. Recuperado de <https://undocs.org/es/A/70/287> [Revisado o 25 de xuño de 2021].
- Esteve-Llorens, X., Martín-Gamboa, M., Iribarren, D., Moreira, M.T., Feijóo, G. e González-García, S. (2020). Efficiency assessment of diets in the Spanish regions: A multi-criteria cross-cutting approach. *Journal of Cleaner Production*, 242, 118491. <https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2019.118491>
- Esteve-Llorens, X., Moreira, M.T., Feijoo, G. e González-García, S. (2019). Linking environmental sustainability and nutritional quality of the Atlantic diet recommendations and real consumption habits in Galicia (NW Spain). *Science of The Total Environment*, 683, 71-79. <https://doi.org/10.1016/j.scitotenv.2019.05.200>
- Herrero, Y., Cembranos, F. e Pascual, M. (Coords.) (2011). *Cambiar las gafas para mirar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad*. Madrid: Libros en Acción.
- IGES (2017). *The 10YFP Programme on Sustainable Lifestyles and Education*. Recuperado de https://www.oneplanetnetwork.org/sites/default/files/sle_brochure_2017_final.pdf [Revisado o 16 de xuño de 2021].
- IPCC (2019). *Climate Change and Land: an IPCC special report on climate change, desertification, land degradation, sustainable land management, food security, and greenhouse gas fluxes in terrestrial ecosystems*.
- Johnston, J.L., Fanzo, J.C. e Cogill, B. (2014). Understanding Sustainable Diets: A Descriptive Analysis of the Determinants and Processes That Influences Diets and Their Impacts on Health, Food Security, and Environmental Sustainability. *Advances in Nutrition: An International Review Journal*, (5), 418-429. <https://doi.org/10.3945/an.113.005553>
- Jones, A.D., Hoey, L., Blesh, J., Miller, L., Green, A. e Shapiro, L.F. (2016). A Systematic Review of the Measurement of Sustainable Diets. *Advances in Nutrition*, 7(4), 641-664. <https://doi.org/10.3945/an.115.011015>
- Lema-Blanco, I., García-Mira, R. e Muñoz-Cantero, J.M. (2015). Las iniciativas de consumo responsable como espacios de innovación comunitaria y aprendizaje

- social. *Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación*, 14, 29-33. <https://doi.org/10.17979/reipe.2015.0.14.316>
- Meybeck, A. e Gitz, V. (2017). Sustainable diets within sustainable food systems. *Proceedings of the Nutrition Society*, 76(1), 1-11.
- ONU (2015). *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*. Nova York: ONU.
- Ponce, A.L. (2018). El Estudio de Caso Múltiple. Una estrategia de Investigación en el ámbito de la Administración. *Revista Publicando*, 5(15/2), 21-34.
- Prats, F., Herrero, Y. e Torrego, A. (Coords.) (2016). *La Gran Encrucijada. Sobre la crisis ecosocial y el cambio de ciclo histórico*. Madrid: Libros en Acción.
- Rebollo, M.Á., Piedra, J., Sala, A., Sabuco, A., Saavedra, F.J. e Bascón, M.J. (2012). La equidad de género en educación. Análisis y descripción de buenas prácticas educativas. *Revista de Educación*, 358, 129-152. <https://doi.org/http://dx.doi.org/10.4438/1988-592X-RE-2012-358-186>
- Ríos, R. (2014). Os circuitos curtos de comércio de alimentos na Galiza atual: na procura de alternativas ao oligopólio da distribuição. *Icede Working Paper Series*, 10.
- Sauvé, L. (2014). Au coeur des questions socio-écologiques: des savoirs a construire, des compétences a développer. *Éducation relative à l'environnement. Regards-Recherches-Réflexions*, 11. <https://doi.org/10.4000/ere.662>
- Simón, X., Copena, D. e Rodríguez, L. (2010). Construyendo alternativas agroecológicas al sistema agroalimentario global: acción y reacción en el Estado español. *Revista de Economía Crítica*, 10, 138-175.
- Springmann, M., Clark, M., Mason-D'croz, D., Wiebe, K., Bodirsky, B.L., Lassaletta, L., ... e Willet, W. (2018). Options for Keeping the Food System within Environmental Limits. *Nature*, 562, 519-525. <https://doi.org/10.1038/s41586-018-0594-0>
- Swinburn, B. A., Kraak, V. I., Allender, S., Atkins, V. J., Baker, P. I., Bogard, J. R., ... e Ezzati, M. (2019). The global syndemic of obesity, undernutrition, and climate change: the Lancet Commission report. *The Lancet*, 393(10173), 791-846. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(18\)32822-8](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(18)32822-8)
- Willet, W., Rockström, J., Loken, B., ... e Murray, C.J.L. (2019). Food in the Anthropocene: the EAT-Lancet Commission on healthy diets from sustainable food systems. *The Lancet*, 393(10170), 447-492. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(18\)31788-4](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(18)31788-4)